

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA E A ASOCIACIÓN "COORDINADORA PARA O ESTUDO DOS MAMÍFEROS MARIÑOS-CEMMA", PARA A ASISTENCIA, RECUPERACIÓN E ESTUDO DOS RÉPTILES (TARTARUGAS) E MAMÍFEROS MARIÑOS VARADOS NO LITORAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, representada por Ángeles Vázquez Mejuto, de acordo co Decreto 112/2020, do 26 de setembro, intervindo en representación da Xunta de Galicia, en virtude das atribucións conferidas polo artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o Acordo da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

Doutra parte, a Asociación "Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños-CEMMA" (NIF G15400500) representada por Xabier Pin Vázquez, presidente da citada Asociación, designado en virtude de nomeamento por votación dos socios de data do 9 de setembro de 2022.

Ambas as partes recoñécense mutuamente a capacidade e lexitimación precisas para subscribir o presente convenio na representación que ostentan e, na súa virtude:

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Que a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencias para establecer normas adicionais sobre a protección do medio ambiente segundo o artigo 27.30 do Estatuto de Autonomía (Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril), en consonancia co artigo 149.1.23 da Constitución Española e co Real decreto 167/1981, do 9 de xaneiro, de transferencias e competencias da Administración do Estado á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza, 1234/1983, do 20 de abril, de adaptación de transferencias efectuadas á Xunta de Galicia en materia de conservación da natureza e 1535/1984, do 20

de xuño, de ampliación e adaptación das funcións e servizos do Estado á Comunidade autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza, mediante os que se regula o traspaso de funcións e servizos á Comunidade Autónoma en materia de agricultura, pesca e conservación da natureza.

En concordancia con isto, a Lei 5/2019, do 2 de agosto do Patrimonio Natural e da Biodiversidade, no seu artigo 88, determina que a Administración autonómica adoptará, no seu ámbito competencial, as medidas necesarias para garantir a conservación, protección e recuperación da biodiversidade que vive en estado silvestre en Galicia.

Así, de conformidade con isto, o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, (en adiante CMATV) atribúelle a este órgano da Administración autonómica funcións en materia de ambiente e conservación do patrimonio natural.

SEGUNDO. Que a Asociación “Coordinadora para o estudo dos mamíferos mariños” (en adiante CEMMA) é unha organización sen ánimo de lucro de ámbito galego, inscrita no Rexistro de Asociacións e no Rexistro Galego de Entidades Ambientais de Galicia, que ten entre os seus fins, o fomento de accións que leven consigo a conservación das tartarugas e mamíferos mariños. En consonancia con este fin, a asociación ven participando e colaborando activamente desde 1999 na asistencia aos animais varados na costa galega e na recuperación de exemplares feridos.

“CEMMA” está constituída por socios individuais e socios colectivos entre eles: ERVA, Asociación Naturalista do Baixo Miño (ANABAM) , Asociación Galega para a Defensa Ambiental de Galicia (ADEGA), Hábitat e o Colectivo Ecoloxista do Salnés.

Asemade é membro fundador da Sociedade Española de Cetáceos e membro de European Cetacea Society. Está integrada no Plan de voluntariado de Galicia desde 2003 e foi declarada asociación de utilidade pública en 2010 (DOG nº 212, do 4 de novembro de 2010).

A Asociación “CEMMA” ademais de dispor de dúas unidades móbiles para a atención dos exemplares varados, conta cun establecemento veterinario destinado en exclusividade á atención e tratamento de réptiles e mamíferos mariños, localizado no concello de Nigrán (Pontevedra) e inscrito no Rexistro Galego de Núcleos Zoolóxicos.

As características morfolóxicas dos réptiles e mamíferos mariños, a inclusión de moitos



deles no listado de especies en réxime de protección especial e no Catálogo de español de especies ameazadas , así como a distribución dispersa dos varamentos ao longo da costa galega son factores que determinan que sexa preciso contar con experiencia na manipulación e tratamento dos exemplares ademais de dispor de instalacións axeitadas destinadas en exclusivo ao tratamento deste tipo de animais co fin de evitar contaminacións cruzadas, así como de suficiente persoal cualificado e comprometido, ben a través de persoal propio ou de voluntariado, para a súa atención, características coas que cumpre a Asociación "CEMMA" á vista da súa traxectoria na asistencia aos animais varados e de recuperación de exemplares feridos destas especies e a dispoñibilidade en réxime de exclusividade das infraestruturas e medios necesarios para desenvolver estas actuacións.

A Asociación "CEMMA" cumpre todos os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia para obter a condición de beneficiario.

De conformidade coas anteriores consideracións, a CMATV e a Asociación "CEMMA" establecen o presente convenio con acordo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións para acordar a colaboración entre a CMAT e a Asociación "CEMMA" para asistencia veterinaria e recuperación dos réptiles, en especial das tartarugas mariñas, e mamíferos mariños varados nos espazos naturais protexidos pertencentes á Rede Natura 2000 de Galicia, así como para a recompilación da información resultante dos varamentos rexistrados nas costas galegas.

SEGUNDA.- OBRIGAS DA ASOCIACIÓN "CEMMA"

A Asociación "CEMMA" comprométese a:

1º.Comunicar á CMAVT a detección dos episodios de varamentos das tartarugas e mamíferos mariños ou con risco de varar , que ocorran nas costas de Galicia durante a vixencia do presente convenio.

2º. Prestar asistencia aos animais varados vivos destas especies e proporcionarlles os primeiros auxilios e a atención de emerxencia na costa, así como o tratamento veterinario, hospitalización, coidados e alimentación durante a súa recuperación así como contribuír,



de ser preciso, ao seu reingresso ao mar.

3º. Determinar, de ser factible, a causa de morte dos exemplares varados, de ser o caso, mediante os exames post-mortem e/ou a recollida de mostras necesarios, que deberán ser suficientes para a determinación da causa.

4º. Desenvolver todas as prácticas recollidas neste convenio consonte á normativa en materia de sanidade, benestar e transporte animal e nas guías de boas prácticas e estándares nacionais e internacionais de recuperación e tratamento veterinario das tartarugas e mamíferos mariños.

5º. Proporcionar á CMATV toda a información relativa ás actuacións desenvolvidas no marco deste convenio, coa periodicidade e de acordo cos requirimentos e modelos que se determinarán por parte do persoal técnico da CMATV, co obxecto de estandarizar a recollida da información para o seu tratamento posterior. En especial, comprométense a proporcionar copia de todas as fichas clínicas e calquera outra información relativa aos tratamentos veterinarios e terapias aplicadas sobre os animais durante as fases de tratamento e recuperación , así como dos informes das necropsias efectuadas, de ser o caso.

6º. Gardar a confidencialidade debida en relación coas actividades incluídas no presente convenio, non podendo ser difundida a información derivada das actuacións realizadas nin entregada ou cedida para uso de terceiros, sen a previa autorización expresa da CMATV.

7º. Facer constar expresamente a colaboración coa CMATV en todos os anuncios e documentos que se elaboren relacionados coas actividades deste convenio.

8º. Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola CMATV en relación coa xustificación do convenio, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da axuda.

9º. Reintegrar, total ou parcialmente, a compensación económica percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas neste convenio.

TERCEIRA.- OBRIGAS DA CMATV

A Consellería pola súa parte asume os seguintes compromisos:

1º. Deseño e supervisión das propostas de accións encamiñadas a prestar asistencia e



recuperación das tartarugas e mamíferos mariños que varen nas costas de Galicia, en especial as relativas ao reingreso ao medio natural dos exemplares recuperados.

2º. Financiar as actividades definidas no convenio.

CUARTA.- FINANCIAMENTO

A CMATV achegará á finalidade deste convenio a cantidade de quince mil euros (15.000 €), con cargo á seguinte aplicación orzamentaria 08.03.541B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, proxecto de gasto 2016 00362.

QUINTA.- RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. En consecuencia a Asociación "CEMMA", na súa condición de beneficiaria, asume os compromisos establecidos no artigo 11 da citada Lei, en concreto:

1º. Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2º. Xustificar ante a CMATV a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o goce da subvención.

3º. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a CMATV, así como a calquera outra actuación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4º. Comunicarlle á CMATV a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas.

5º. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

En canto ao réxime de xustificación dos gastos, a Asociación "CEMMA" asume como beneficiaria as seguintes obrigas:

1º. De acordo co previsto no artigo 28 da Lei de Subvencións de Galicia, unha vez rematadas as actuacións deberá xustificar perante a CMATV o cumprimento das



condicións da execución e a consecución dos obxectivos previstos.

Só se considerarán gastos subvencionables aqueles que, de feito indubidable, respondan á natureza das actividades subvencionables, de acordo co recollido no anexo deste convenio, e se realicen durante o período de vixencia do presente convenio.

De acordo co establecido nos artigos 62 e 65.4f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, efectuaranse os pagamentos do seguinte xeito:

- Pagamento parcial dos gastos realizados pola Asociación "CEMMA", sendo preciso que antes do 15 de xullo 2023, a Asociación achegue os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas.

No pagamento parcial incluíranse os gastos realizados desde o 16 de decembro de 2022.

- Pagamento final unha vez xustificadas os gastos comprensivos do resto do importe do convenio para o ano 2023. Para estes efectos, antes do 15 de decembro do ano 2023, a Asociación achegará os correspondentes xustificantes de gastos e de pagamentos xunto cunha memoria explicativa do custo das actividades realizadas a partir do 16 de xullo do ano 2023.

2º. Facilitarlle, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvención obxecto deste convenio.

3º. Comunicar á CMATV, de ser o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto deste convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais aos efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

De acordo co artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, cando as actividades fosen financiadas ademais de coa subvención, con fondos propios ou outra subvencións e recursos, deberán acreditarse na xustificación o importe, procedencia e aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. O importe total das axudas recibidas para o obxecto da subvención non poderá superar o 100 % do custo total do gasto.



4º. Reintegrar á CMATV , de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a cantidade percibida e o interese de demora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde o procedemento de reintegro para o caso de incumprimento das condicións nel establecidas.

SEXTA.- REAXUSTE DAS CANTIDADES ASIGNADAS

Os compromisos de gasto recollidos neste convenio, poderán ser reaxustados pola Comisión de Seguimento prevista na cláusula sétima, co límite da cantidade máxima prevista na cláusula cuarta deste instrumento e, sempre que, non aumente o seu número de anualidades, para acompasalos ao óptimo desenvolvemento do convenio e a consecución dos obxectivos fixados, sen que esta redistribución necesite da tramitación dunha addenda ao convenio.

Calquera outra modificación no contido deste convenio rexerese polo previsto na cláusula novena.

SÉTIMA.-COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o seguimento, execución e interpretación deste convenio créase unha Comisión de Seguimento constituída por dous representantes de ambas institucións que se ocupará de levar a termo as estipulacións deste convenio.

Esta comisión terá como funcións: o seguimento do cumprimento do convenio, en caso necesario, concretar aqueles aspectos da execución do convenio que o requiran, asegurar o intercambio de información entre as partes asinantes e resolver de común acordo calquera dúbida ou diferenza que se formule sobre a interpretación e aplicación do convenio.

A comisión de seguimento poderá, á vista do ritmo de execución do convenio, acordar á redistribución das cantidades asignadas no anexo deste convenio "Gastos de natureza subvencionable"co obxectivo de acadar o desenvolvemento óptimo do convenio e a consecución dos seus obxectivos.

A citada comisión establecerá un calendario periódico de reunións sen prexuízo de que a urxencia de calquera circunstancia obrigue a celebrar as que sexan necesarias.

OITAVA.- VIXENCIA

Este convenio entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura, sendo de aplicación aos



gastos realizados dende o 16 de decembro de 2022 e manterá a súa vixencia ata o 15 de decembro 2023.

NOVENA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento, de mutuo acordo.

DÉCIMA.- CAUSAS DE EXTINCIÓN

Este convenio extinguirase por mutuo acordo das partes, polo incumprimento reiterado por calquera das partes das obrigas adquiridas, ou por cambios na normativa que motivou a subscrición do mesmo.

UNDÉCIMA- NATUREZA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa. As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola Comisión de Seguimento do convenio, e en última instancia pola persoa titular da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición. En todo o non recollido neste convenio, no que o réxime de financiamento se refire, estarase ao disposto na normativa de aplicación en materia de axudas e subvencións, máis concretamente, na Lei 9/2007, do 13 de xullo, de subvencións de Galicia e no seu Regulamento de desenvolvemento.

DÉCIMO SEGUNDA.- PUBLICIDADE

A sinatura do presente convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG núm.149 do 3 de agosto).

DÉCIMO TERCEIRA.- RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non conleva relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que vaian a desenvolver as actividades e a CMATV de xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento.



DÉCIMO CUARTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e da Comisión, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA.- TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE GASTO

Este convenio tramítase de acordo co establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2023.

E en proba de conformidade por todo o anteriormente exposto e estipulado, asinan o presente convenio de colaboración no lugar e data da súa sinatura dixital.

A conselleira de Medio Ambiente,

Territorio e Vivenda

Ángeles Vázquez Mejuto

O presidente da Asociación "CEMMA"

Xabier Pin Vázquez



ANEXO

GASTOS DE NATUREZA SUBVENCIONABLE

Gastos derivados da recollida de información e/ou elaboración de informes e da asistencia e tratamento dos animais varados:

- Gastos derivados do rexistro e elaboración fichas varamento, elaboración historias clínicas, elaboración informes de necropsia: 2.500 €
- Gastos derivados do funcionamento e mantemento das instalacións que sexan necesarios para a asistencia e tratamento aos animais: 10.000 €.
- Gastos da realización exames post-mortem dos animais falecidos e toma das mostras necesarias: 2.500 €.

